



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PROGRAMA CARNÉ XOVE.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten previsto formalizar coa entidade Abanca, Corporación Bancaria, o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue ata o 31 de decembro de 2025 desde a data da súa sinatura.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, e a entidade financeira ABANCA, para o apoio ás accións de promoción, difusión e desenvolvemento do programa "CARNÉ XOVE" que se leven a cabo en Galicia durante a vixencia do convenio.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido, e o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude apoia o desenvolvemento da actividade xuvenil a través da Dirección Xeral de Xuventude, órgano de dirección que inclúe no seu artigo 9 o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e ao que, segundo o disposto no artigo 17 do Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, correspóndendolle, entre outras funcións:

-a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil; o fomento da participación da mocidade na vida social; a coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da consellería como as dependentes doutras entidades e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade; o fomento da mobilidade xuvenil, dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional.

A política xuvenil que leva a cabo a Dirección Xeral de Xuventude trata de abarcar todos os ámbitos, co obxecto de garantir o desenvolvemento integral dos mozos e mozas galegos, e favorecer o seu benestar e o acceso a bens e servizos de calidade.





Nesta liña, o programa European Youth Card (Carné Xove Europeo), da European Youth Card Association (EYCA, Asociación do Carné Xove Europeo) marca común internacional baixo a que se emite o carné nos países membros, constitúe unha iniciativa a nivel europeo nacida do Protocolo de Lisboa de 1 de xuño de 1987, coa finalidade de facilitar a mobilidade e intercomunicación dos/as mozos/as de 12 a 26 anos, e que a Comunidade Autónoma de Galicia, en aplicación das políticas de fomento de prestación de servizos á xuventude galega e adheríndose ás directrices europeas en materia de protección, promoción e integración da xente nova, desenvolve en Galicia baixo a marca Carné Xove, estendendo os seus beneficios tamén aos/ás mozos/as de 26 a 30 anos.

Pola súa parte, ABANCA ven realizando labores de colaboración en actividades que faciliten o pleno desenvolvemento e a formación integral da xuventude en todas as ordes da vida, constituíndo este un dos colectivos de atención preferente dentro do conxunto de programas de acción social e cultural que desenvolve. Neste senso, ABANCA é a entidade que, desde o ano 1999, ven comercializando para toda a Comunidade Autónoma de Galicia as tarxetas Xove e Máis (actualmente Carné Xove), colaborando desde entón coa Xunta de Galicia no devandito proxecto.

Existe pois un interese común entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude e ABANCA en continuar colaborando na promoción e difusión do programa do Carné Xove da Xunta de Galicia para facilitar á xuventude galega a súa mobilidade, así como o acceso a bens e servizos culturais e sociais en condicións máis favorables, tanto en España como no resto de países signatarios do Protocolo de Lisboa, e integrados na EYCA, European Youth Card Association (Asociación do Carné Xove Europeo - EYCA.)

Para facer efectiva a promoción e difusión do programa do Carné xove, ABANCA asume unha serie de compromisos que se concretan no instrumento de colaboración e que se resumen principalmente nos seguintes:

- 1) asumir parte dos custos que leva aparelada a prestación do servizo, en concreto os derivados do deseño e adquisición dos plásticos.
- 2) achegar una contía económica por cada ano de duración do convenio vinculada á promoción do carné xove.
- 3) subscribir en calidade de tomadora, un seguro de asistencia en viaxe, para os posuidores do carné, coa entidade aseguradora que estime pertinente, que cubrirá á totalidade das persoas usuarias tanto na súa modalidade financeira como non financeira.





4) realizar unha campaña anual de comunicación e difusión na súa rede de oficinas e caixeiros en Galicia co obxectivo de promover un maior coñecemento do carné xove en calquera das súas dúas variantes.

Estas achegas da entidade colaboradora supoñen unha parte dos custos derivados da prestación do servizo para os mozos e mozas galegos, e a posta en marcha do programa carné xove supón outros custos adicionais aos derivados deste convenio de colaboración que son asumidos por parte da Dirección Xeral de Xuventude con cargo ao seu orzamento, como son os gastos correntes derivados da remisión dos carnés xoves que se emiten de oficio pola administración ou os derivados da impresión dos carnés que se emiten por petición das persoas interesadas (gastos en adquisición de impresoras, consumibles, etc...).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica deste documento.

A Directora Xeral de Xuventude
Lara del Carmen Meneses Álvarez

